


..... Lección 1 .....

**Quen se sente dun lugar,  
non padece ningún pesar**

# Mapa de Galicia



- |   |                     |    |                    |    |             |
|---|---------------------|----|--------------------|----|-------------|
| 1 | Comunidade autónoma | 6  | Comarca            | 11 | Autoestrada |
| 2 | Capital             | 7  | Vila               | 12 | Estrada     |
| 3 | Provincia           | 8  | Parroquia          | 13 | Porto       |
| 4 | Cidade              | 9  | Aldea/lugar/barrio | 14 | Aeroporto   |
| 5 | Concello            | 10 | Ponte              | 15 | Vía férrea  |



## Como me presento

### Ao chegar:

- Ola, son... e son de..... Vivo en .....
- Bo día | Boa tarde | Boa noite
- Ei, como che vai?

### Ao marchar:

Vémonos pronto	Ata logo	Aburiño
Ata agora	Ata máis ver	Chao
Ata vernos	Vémonos	Adeus



## Que verbos vou precisar para presentarme

Dous verbos que imos empregar moito:

Ser	Chamar
Son	Chámo(me)
Es [ɛ]	Chámas(te)
É [ɛ]	Cháma(se)
Somos	Chamámo(nos)
Sodes	Chámades(vos)
Son	Cháman(se)



- Destes verbos un, é **reflexivo**, chamar. Isto quere dicir que expresa unha acción que recae no propio suxeito. Sempre se lle engade un pronome persoal.
- O pronome persoal vai despois do verbo:  
Chámome María.



## Como lle pregunto a alguén os seu datos

- Como** te chamas?
- Onde** vives?
- Cantos** anos tes?
- Que** estudas?
- En que** traballas?
- Por que** queres aprender galego?



## Ligazóns de interese

- >> Comarcas de Galicia
- >> Concellos de Galicia. Fegamp
- >> Galicia nomeada
- >> Nomenclátor de Galicia
- >> Portal das palabras
- >> Toponimia de Galicia



Notas da sesión

A large, empty rectangular box intended for taking notes during the session.